



# XOVES

*I+D+i*

Estimados/as amigos/as:

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE), dependente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, vén de abrir a convocatoria da edición 2017 do **Premio Proxectos Piloto Fábrica 4.0**, na que colabora a Axencia Galega de Innovación (GAIN).

A través desta iniciativa, apoiaránse un **máximo de seis proxectos** que inclúan no seu desenvolvemento a **implantación de equipamento e sistemas para a modernización dos procesos** nun grupo de pemes, incorporando tecnoloxías especiais relacionadas coa Fábrica do Futuro e o concepto Industria 4.0, segundo os termos recollidos na Axenda de Competitividade Industrial Galicia: Industria 4.0”

Poderán obter os premios os **organismos intermedios** do tipo: organizacións públicas ou privadas, sen ánimo de lucro e con personalidade xurídica propia, que de forma habitual presten **servizos de apoio á competitividade empresarial das pemes**, nas súas diversas formas, e dispoñan de **recursos materiais e humanos** para impulsar e orientar os proxectos e entidades con participación maioritaria de capital público que presten de forma habitual servizos empresariais de apoio á competitividade das pemes e promovan proxectos nos que non persigan a obtención de beneficios. Mentres que serán beneficiarios das axudas as **pemes**, constituídas como agrupación, que desenvolvan a súa actividade no ámbito da nova industria.

A intensidade máxima da axuda é de **ata 1 millón de euros por proxecto** e o prazo de presentación de candidaturas pecha o **3 de maio de 2017**.

A Axencia Galega de Innovación participará como **integrante no xurado que seleccione os proxectos**, xunto a persoal do IGAPE e expertos nacionais e internacionais de recoñecido prestixio na materia.

Podes acceder a toda a información na seguinte ligazón:  
<http://www.igape.es/gl/base-xeral-de-axudas/ficha/IGAP313>

Agardamos que esta información sexa do teu interese e despedímonos até o vindeiro xoves!



Se non desexa recibir este boletín, pode vostede darse de baixa pinchando [aquí](#) . Para calquera dúbida ou consulta, pode escribir un correo a [informa.gain@xunta.es](mailto:informa.gain@xunta.es).